

Un ano máis, desde a Fundación Pública Artesanía de Galicia estamos a organizar o **Corazón da Artesanía, XIII Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia**, que se celebrará nos pendellos de **Agolada** (Pontevedra) os días **3, 4 e 5 de xullo do 2026**.

O Corazón da Artesanía ten como obxectivo fundamental ser un escaparate dos oficios artesáns tradicionais que se desenvolven en Galicia, en interrelación con outras disciplinas artísticas e divulgativas.

Neste encontro coexistirán os obradoiros artesáns rexistrados baixo a marca Artesanía de Galicia, que amosarán o seu saber facer con demostracións en vivo e venda de pezas, con empresas galegas de alimentación para que poderán vender os seus produtos ao público. O stand para as empresas de alimentación seleccionadas será **gratuíto**.

As empresas interesadas en participar deberán enviar cubrir a **inscrición** disponible na sección **"Feiras"** da **web artesianiadegalicia.xunta.gal** antes do **18 de marzo do 2026 ás 14:00 h** e achegar xunto en adxuntos a seguinte documentación:

- Fotografías dos produtos a comercializar (máximo 5)
- Certificado de estar ao corrente coas obrigacións da Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente coas obrigacións da Administración Tributaria.


As **condicións de participación** no Corazón da Artesanía son as seguintes:

- As empresas seleccionadas comprometeráanse a cumprir o horario que a organización estableza durante os tres días que dure o Encontro.
- As empresas deberán adaptarse ao stand facilitado pola organización. Pódese atopar información detallada sobre os stands en documento anexo.
- A Fundación resérvase o dereito de modificar os elementos que rompan coa liña xeral de presentación dos produtos co fin de manter a uniformidade estética e a imaxen do Encontro.
- Non se poderán colgar carteis nin outro material promocional das lonas dos postos, nin utilizar roll ups apoiados no chan.
- Non se poderán utilizar manteis que colguen por diante do mesado.
- As empresas utilizarán a cartela identificativa proporcionada pola organización.
- As empresas deberán estar inscritas no rexistro sanitario correspondente e cumprir coa regulación derivada do uso dos produtos que comercialicen.

A Fundación seleccionará aos participantes de entre todas as solicitudes baseándose en criterios de calidade e procurando que exista a maior variedade posible de produtos neste evento. **A selección comunicaráse por mail** a todos os solicitantes, unha vez remate o prazo para realizar as inscricións.

Adxuntamos un dossier informativo sobre o Corazón da Artesanía, así como información sobre como serán os postos. Si precisan calquera aclaración poden contactar connosco no teléfono 881 999 173 ou no mail promocion.artesania@xunta.gal

Un cordial saúdo,



Elena Fabelro Castro
Xerente da Fundación Pública Artesanía de Galicia